



CERTIFICADO

EXPEDIENTE EXPEDIENTE Nº	NÚM./	ÓRGANO ÓRGANO COLEGIADO	COLEXIADO/ COLEXIADO	DATA DA SESIÓN/ FECHA DE LA SESIÓN
2291/2024		La Junta de Gobierno Local		29/07/2024

A Secretaría deste Concello,, en cumprimento das obrigas recollidas para este órgano no artigo 3.2 letra f) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

CERTIFICA, baixo a condición e reserva prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, que a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión indicada, segundo consta na acta correspondente, entre outros adoptou o seguinte acordo:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN RENOVACIÓN DO PAVIMENTO DA PISTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO C.E.I.P. MANUEL MATO VIZOSO DE VILALBA (PLAN ÚNICO 2024). EXPEDIENTE 2291/2024.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento/ Unanimidad/Asentimiento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Procedemento: Contratación pública mediante procedemento aberto

Expediente número: 2291/2024

Asunto: Resolución da Alcaldía aprobando o procedemento de contratación mediante o procedemento aberto.

Obxecto: Renovación do pavimento da pista do Pavillón Polideportivo C.E.I.P. Manuel Mato Vizoso de Vilalba (PLAN ÚNICO 2024).

Vista a memoria de Alcaldía onde se xustifica o contrato a celebrar polo Concello nos termos no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo) , tal e como exige o artigo 116.1 da citada norma.





Visto o Informe de Secretaría número 2024-0196 de data do 27/05/2024, onde se informa favorablemente, ás pretensións contractuais descritas na memoria xustificativa do contrato.

E á vista do expediente de contratación tramitado:

Cualificación xurídica do contrato	Obra (artículo 17 da LCSP)
Procedemento de contratación:	Aberto
Obxecto do contrato	Renovación do pavimento da pista do Pavillón Polideportivo C.E. I.P. Manuel Mato Vizoso de Vilalba (PLAN ÚNICO 2024).
Código CPV	45212220-4 - Trabajos de construcción de instalaciones polideportivas
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	88.938,30€
Valor estimado do contrato	73.502,73€
Duración da execución	1 mes

Vista a proposta de resolución PR/2024/1212 de 17 de xullo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 24 de xullo de 2024./ Vista la propuesta de resolución PR/2024 /1212 de 17 de julio de 2024 fiscalizada favorablemente con fecha de 24 de julio de 2024.

RESOLUCIÓN

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, despois de efectuadas as comprobacións oportunas, e tendo en conta a proposta efectuada polo concelleiro correspondente, esta Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia que lle foi delegada mediante decreto da alcaldía nº 435 de data 30/06/2023, de delegación de competencias neste órgano, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para o servizo consistente en “Renovación do pavimento da pista do Pavillón Polideportivo C.E.I.P. Manuel Mato Vizoso de Vilalba”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato (se fose o caso).





TERCEIRO. Proceder á aprobación dos créditos referidos no informe da intervención municipal

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	323/61900	88.938,30€

CUARTO. Nomear coma director de obra en fase de execución a don Alberto Flores Aguiar, enxeñeiro técnico e como coordinadora de seguridade e saúde a dona Francisca Hortensia Villarino Fra.

QUINTO. Nomear coma funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante de esta ao amparo do artigo 243.2 da LCSP, aos efectos de asistir ao órgano interventor na recepción material das obras a don Diego Hermida Varela.

SEXTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

SÉTIMO Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OITAVO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

NOVENO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- PRESIDENTA: Monica Bello Novo, Tesoureira da Corporación;
- SECRETARIO: Mauro Chico Carballas, técnico medio de xestión da Corporación;
- VOGAL: Alejandro Maseda Mallo, Secretario da Corporación;
- VOGAL: Sandra Díaz Álvarez, Interventora da Corporación;
- VOGAL: Elva Pereira Castelo, administrativa da Corporación.

Nomear coma membro substituta da presidencia, secretaría e vogalía da mesa á administrativa da Corporación, María José Lama Villares.

DÉCIMO. Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións e á súa valoración .





Concello de Vilalba

UNDÉCIMO. Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adxudicación, comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adxudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederáse á adxudicación do contrato.

E para que así conste e aos efectos oportunos firmo o presente documento, co visto e prace da Alcaldesa da Corporación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

